

ARÁNZAZU CALDERÓN PUERTA. *Parias y resistentes. La guerra interminable según Almudena Grandes.*

Madrid: Visor Libros-Editorial de la Universidad de Varsovia, 2021, 360 pp.

DOLORES VILAVEDRA*
dolores.vilavedra@usc.gal

Sempre é grata a publicación, no ámbito académico, de monografías tan sólidas e compactas coma esta de Aránzazu Calderón Puerta. Entre tanta colectánea de textos forzadamente unificados baixo títulos de circunstancias que pretenden dotar de cohesión ao que non sempre a ten, nin podería tela, bótanse de menos obras como *Parias y resistentes. La guerra interminable según Almudena Grandes*, tras as cales hai moitos anos de lectura e reflexión, moitas xornadas de articulación dun pensamento crítico e da súa materialización discursiva. Pero é que, ademais, neste seu estudo, Calderón esfórzase por ir máis alá da discursividade académica para tentar poñer en diálogo os debates que a sociedade española activou nas dúas últimas décadas para abordar cuestións fundamentais que unha Transición democrática timorata e pactista deixara pendentes: a xestión da memoria da guerra do 36 e da posterior ditadura por unha parte e, por outra, a necesidade de avanzar de forma significativa en todo o relativo á igualdade das mulleres e de rematar coas distintas violencias que sofren. Nesa encrucillada, as cinco novelas do ciclo “Episodios de una guerra interminable” de Almudena Grandes que Calderón analiza neste libro revélanse

como un corpus especialmente axeitado para acadar os obxectivos de investigación devanditos.

O libro ábrese cun breve pero denso e intenso capítulo introdutorio, “Repensar el pasado violento”, no que a autora senta as bases conceptuais dalgunhas das cuestións que despois abordará en profundidade: a definición da figura autorial de Almudena Grandes e do corpus que se vai analizar, o boom da memoria en España e a importancia do papel que aí xoga a ficción realista, ou a carga afectivo-emocional que supón todo tipo de enfrontamento cos pasados incómodos. A partir de aí, a obra organízase nunha estrutura plenamente simétrica de dúas seccións, cada unha delas dividida en dous capítulos, máis un bloque final de conclusións xerais e, por suposto, unha bibliografía moi ben seleccionada, que revela tanto o actualizado do coñecemento da autora coma a súa familiaridade coa teoría literaria clásica de referencia para os aspectos que aborda (Jonathan Culler, Marc Angenot, Terry Eagleton...).

A primeira parte (“Compromiso político, comunidades y colectividad”) iníciase cunha reflexión sobre “La historia (re)creada en la literatura” para seguir con “La literatura como (re)creación

* Profesora titular de literatura galega, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, España. ORCID 0000-0001-9291-2274

histórica”. No primeiro destes bloques, Calderón debulla como Grandes deconstrúe, por medio do ciclo narrativo “Episodios de una guerra interminable”, o discurso histórico hexemónico sobre a guerra e a posguerra. Pero antes de entrar a fondo nesta cuestión, a estudosa emprende unha indagación – breve pero intensa – na cuestión dos límites (cada vez máis difusos) entre historia e literatura. A partir da tensión entre ambos enténdese mellor a decisión de Almudena Grandes de apostalo todo á modalidade narrativa que Calderón denomina ‘novela realista de la memoria’ para desenvolver o seu proxecto literario que é tamén, como este ensaio irá poñendo de manifesto, un proxecto cívico. É neste bloque onde Calderón se detén brevemente a contextualizar o corpus estudado no marco teórico da chamada ‘literatura da memoria histórica’ española e a debullar algunhas das estratexias narratolóxicas das que se serve Grandes nas novelas do devandito ciclo.

A segunda parte deste estudo, “(De)construir las historia desde las emociones y el género”, tamén se subdivide en dous bloques: o primeiro, centrado na política das emocións; o segundo, en cuestións relativas á diversidade sexual e xenérica. A simple vista, podería considerarse que o pinchacarneiro metodolóxico é demasiado grande e que corremos o risco de afastarnos en exceso da meta final; porén, o obxectivo de Calderón nesta segunda parte é demostrar como a combinación dun abano de emocións lle permite a Grandes lexitimar a súa visión política do período histórico do que se ocupa nas novelas estudadas. Porque as emocións – cómpre non esquecerlo – articulan valores e ideas e fano connotativa e performativamente. Unha vez máis, e como xa fixera en capítulos anteriores coa cuestión dos vencellos entre ficción e historia e coa dos modelos de codificación

literaria da memoria (cuxas principais e máis recentes achegas foron brevemente sintetizadas por Calderón antes de aplicalas como categorías de análise da obra de Grandes), agora a estudosa revisa os resultados que o chamado ‘xiro afectivo’ das humanidades deixou na análise literaria. Para empezar, cun sintético repaso diacrónico e despois centrándose nas propostas de Sara Ahmed e Eva Illouz. Unha breve análise das emocións que Calderón etiqueta como ‘resistentes’ (medo, dor, indignación e furia) precede ao estudo -moito máis pormenorizado- do amor, ao que se lle presta unha lóxica atención posto que é, para a autora, “el sentimiento central y motor de la acción en todas las novelas de la serie”. O bloque conclúe que as emocións son, en boa medida, responsables da transformación de personaxes aparentemente banais en suxeitos políticos pero tamén eficacísimas ferramentas de mobilización afectiva e ideolóxica de lectores e lectoras. Consonte isto, Calderón consegue demostrar como Grandes, coas súas novelas, tenta mudar o código emocional tradicionalmente vencellado ás representacións do noso particular ‘pasado incómodo’.

No cuarto e último bloque Calderón recupera o concepto de ‘paria’ -que xa aplicara no capítulo 1 para analizar un amplo abano de figuras resistentes da posguerra- para empregalo agora cunha serie de personaxes que ela engloba baixo a categoría de ‘parias de género’. Se na primeira ocasión o termo tiña sobre todo un valor denotativo para referirse á estigmatización social que padecían os e as resistentes, agora Calderón parte da conceptualización de Arendt para refugar calquera tentación inmanentista e definir a de paria como unha categoría a partir da posición social que ocupa e das funcións que desenvolve. Deste xeito, a figura resúltalle útil á estudosa para localizar mecanismos de exclusión e para superar o binarismo vítimas / perpetradores que tan reducionista e maniqueo resulta na

análise dos pasados incómodos. Nesta liña de análise, as mulleres revélanse axiña como unha categoría singular de parias modernas por selo dobremente e por selo de xeito consciente. E serán as comunidades emocionais as que lles permitan construírse como suxeitos políticos, previa toma de conciencia da súa situación de parias. Porén, a análise de Calderón revela como, en varios casos, as protagonistas de Grandes seguen (mesmo tras pasar un proceso emancipador que lles permite ampliar a súa autonomía e axencia) a aceptar un destino e un ideal de felicidade plenamente convencionais. É dicir, malia que Grandes crea nestas novelas comunidades e personaxes que manexan un catálogo de valores moito máis diverso do que adoito consideramos como hexemónico, o certo é que no relativo á esfera do afectivo-sexual, as súas novelas naturalizan implicitamente o modelo heterosexual monógamo e resultan así fortemente normativas. Nesta liña de análise, resultan tamén ben esclarecedores -aínda que dun xeito contraposto- os epígrafes que, contra o final deste capítulo 4, Calderón lle dedica a aqueles casos nos que Grandes abandona o modelo de masculinidade(s) normativa(s) para ofrecernos outros alternativos ou mesmo disidentes e que se revelan, malia a súa reducida presenza, como plenamente coherentes co proxecto literario e cívico de Grandes.

No capítulo de conclusións, a autora reafirmase na funcionalidade da súa proposta de considerar as novelas do ciclo “Episodios de una guerra interminable” como un exemplo de literatura mimética, tal e como foi definida por Jonathan Culler, unha etiqueta que pode ser matizada, segundo o caso, con outras que definen con máis claridade a modalidade xenérica pola que Grandes opta en cada ocasión (novela sentimental, de aventuras...), todas elas subsumibles baixo a categoría de novelas da memoria. O seu

estudo consegue plenamente, na miña opinión, dar respostas coherentes e convincentes a todas as cuestións coas que a investigadora se foi enfrontando.

Pero, a maiores, o estudo de Aránzazu Calderón Puerta enfróntanos coa principal contradición que enfrontan sempre as posicións ideolóxicas conscientemente progresistas: no caso de Grandes, a de dilucidar ata que punto é coherente ou non manexar esquemas narrativos e emocionais hexemónicos (mesmo conservadores) para suscitar o interese do gran público por unha serie de novelas que pretenden, fundamentalmente, mudar o enfoque das representacións literarias do noso particular pasado incómodo para ofrecer así, a unha parte importante da sociedade actual, unha visión alternativa dese pasado.

Nesa contradición movémonos moitas e moveuse Almudena Grandes, cando menos como novelista. Teño a plena seguridade de que a ela lle encantaría o desafío dialéctico que *Parias y resistentes* supón para quen tente analizar os seus “Episodios de una guerra interminable” con honestidade intelectual. Mágoa que ela non chegase a tempo -por moi pouquiño- de lelo. Facelo nós, e discutir as cuestións que o estudo nos formula, pode ser unha boa homenaxe que render á súa memoria.